
A Illa de Arousa
A Ruta dos Cons
GALEGO - CASTELÁN



EDITA
Concellería de Turismo do Concello de A Illa de Arousa
DIRECTORA
Fátima Rivas González, Concelleira de Turismo
COORDINACIÓN
Avelino Cores Dios (Faber)
TEXTOS E FOTOGRAFÍAS
Rosa Mª Viana Rodríguez
DESEÑO E MAQUETACIÓN
José Aníbal Suárez Outeda
PLANOS E CROQUIS
María do Carme Vázquez Oubiña
LINGÜISTA
Emilio Insua López
IMPRIME
Gráficas Salnés, SL

ÍNDICE


Localización 3
Introducción 4
Ficha Técnica 5
Ruta Zona Norte 5
Ruta Zona Sur 15
Camilo Otero 23
A Illa dende o mar 24
Castelán 26
Teléfonos de Interese 31
Plano de Situación 31




A Illa de Arousa está emprazada en pleno corazón da Ría de Arousa, á que dá nome.
Ten unha extensión de sete quilómetros cadrados e a súa forma recorda a un sete.
Está unida á Península por unha ponte de dous quilómetros de lonxitude, inaugurada en 1985.
É a illa máis grande e máis poboada de Galicia, con aproximadamente 5000 habitantes.
Os recursos mariños son a súa principal fonte de ingresos, destacando o seu sector mexilloeiro, o sector marisqueiro (tanto a pé como a flote) e a súa flota artesanal, adicada a outras artes menores de pesca.

## A “RUTA DOS CONS”

A natureza, labrando a pedra coa man dos seus ventos, ondas e mareas, foi na Illa unha verdadeira artista, pois logrou acabados escultóricos, feituras sublimes e prodixiosos monumentos líticos, que locen ostensiblemente a súa beleza e a súa monumentalidade.
A “Ruta dos Cons” discorre por todo o municipio da Illa de Arousa.
O seu trazado comprende tanto a zona norte como a sur, alternando o seu paso zonas salvaxes, como o Parque Natural do Carreirón, praias, miradoiros e as diferentes puntas ou cabos que comprenden A Illa.
O seu percorrido é todo natureza, marcas mariñeiras e vistas panorámicas.

## FICHA TÉCNICA

| | |
|---|---|
| Lonxitude: | sete quilómetros, aproximadamente. |
| Tipo de sendeiro: | camiño de terra, area e asfalto. |
| Sinalización: | sí. |
| Tempo estimado percorrido das duas zonas: | cinco horas e media, aproximadamente. |
| Dificuldade: | baixa. |

## A RUTA

### ZONA NORTE

A ruta comeza visitando a Punta Cabalo, onde atoparemos os primeros cons (grandes pedras) destacables: os Cons do Faro, os Cons da Escorregadoira, o Con de Navío e o Con de Tres Pés. Bordeando toda a zona Norte podemos contemplar, ademáis da singulariedade destes cons, o propio lugar onde están situados, que ofrece ó visitante unha boa vista das praias e do monte da Illa, ademáis dunha magnífica panorámica da costa do Barbanza. Un pouco máis adiante, están o Con da Barbafeita e o de Niño de Corvo, desde o que se poden ver os Illotes de Xidoiros Areoso e Xidoiros Pedregoso, así como, a boca da Ría de Arousa.
Continuamos por esta zona até chegar ó Agro de Alonso, onde atopamos o “con” con ese nome.
Moi preto de aquí está o Con da Abella e moi próximo a éste, Conretellado. Despois subiremos ó Con do Forno, onde está emprazado o Miradoiro de “O Santo”. Dende aquí poderemos contemplar unha panorámica de, prácticamente, toda A Illa.
Neste mesmo lugar tamén temos o Con da Grañeira.





## CONS DO FARO

O Faro, obra do Enxeñeiro Celedonio Uribe rematada en 1852, está situado enriba dun grupo de rochas no lugar denominado Punta Cabalo. Trátase dunha zona estratéxica para avisar ós mariñeiros. Resulta idónea para contemplar toda a Costa do Barbanza, así como para apreciar a singularidade das diferentes formas dos cons e "laxes" (pedras planas) que circundan o lugar e abrigan as distintas calas, onde se pode gozar dun bo baño e de moita tranquilidade.

## CON DA ESCORREGADOIRA

Con que se atopa no alto da Area da Secada, desde o que se pode ver toda a Serra do Barbanza e O Faro, así como marabillosas postas de sol ó atardecer. Forma parte dun grupo de laxes. Este enorme con atópase no alto dunha encosta, enriba de pequenas pedras superpostas, o que fai que semelle a entrada a algún misterioso lugar.



## CON DE NAVÍO

Con que ten a forma dunha cabeza de cabalo, emprazado preto da Area da Secada. A súa situación estratéxica, nun dos lugares altos da zona e rodeado de natureza en estado puro, fai que sexa un sítio ideal para ver unha panorámica xeral da Ría.
Di a tradición que dende o Con de Navío partía un túnel subterráneo que chegaba até As Ruvas, nas inmediacións da Praia Arroás.



## CON DE TRES PÉS

Está situado nunha das puntas máis fermosas da Illa, a Punta Barbafeita, que os mariñeiros utilizan como marca mariña.
Este con é de gran tamaño. Presenta na súa base tres pequenos saintes, como se estivese pousado en tres “pés”, o que fai que pareza que vai cair en calquera momento ou que é doado de mover.
Por iso, en certa ocasión, durante as Festas Patronais da localidade, algunhas persoas tentaron movelo, mais sen éxito ...



## CONS DA BARBAFEITA



Están ubicados nunha explanada con árbores e unha pequena zona de recreo, a carón dunha cala e moi preto a un grupo de rochas que merecen a pena ser vistas. Divísase unha panorámica moi fermosa da Costa do Barbanza e dos Illotes de Xidoiros Areoso e Xidoiros Pedregoso. Pódense apreciar dende este lugar as irrepetibles postas de sol na Ría arousana. É unha zona moi tranquila e, ademáis, transcorre por ela un paseo de madeira que vai bordeando toda esta zona.



## CONS DE NIÑO DE CORVO

Cons emprazados en Niño de Corvo, preto do Instituto de Acuicultura, nunha pequeniña cala. A zona mira cara a boca da Ría.

## CON DO AGRO DE ALONSO

No lugar de Testos, existe unha construcción pétrea consistente nun círculo lítico incompleto (un pequeno “crómlech”), no que destaca unha especie de ara ou altar cunha pía (pila ou depósito) e unha canle orientada cara o poñente.
Dende este lugar avístase unha interesante panorámica da Ría e dos Illotes Xidoiros Areoso e Xidoiros Pedregoso.



## CON DA ABELLA

Con situado na zona de Testos, preto da Ara de Agro de Alonso. Forma parte dunha zona verde e fica próximo a pequeniñas e tranquilas calas. Ten vistas á boca da Ría.



## CONS DE CONRETELLADO

Conxunto de diversos cons que dan entrada á Praia de Conretellado. Dende aquí pode verse a zona de Quilma, Gradín e Abilleira.



# CON DO FORNO

É o punto máis alto do municipio, con 63 metros de altitude.
Dende esta zona pode verse unha panorámica
de toda A Illa e dos concellos colindantes.
A súa denominación, "Con do Forno", relaciónase popularmente
coa idea de que alí se facían fogueiras para sacrificios rituais
ou para queimar ofrendas a certos deuses pagáns e lendarios.
Tamén se pensa que puido existir aquí un faro primitivo que, por
medio de fogatas, serviría para a localización da Illa, tanto dende
terra como dende o mar.
Nesta zona tamén podemos apreciar unha obra tallada na rocha
do escultor Camilo Otero. A escultura ten a forma dun home cun can.
Así mesmo, neste lugar hai unha laxe que antigamente era usada como
escorregadoira polos nenos e nenas da Illa.



# CON DA GRAÑEIRA

Emprazado por detrás do Con do Forno,
permite avistar dende o alto, toda a zona do Barbanza
e a boca da Ría de Arousa.
Lugar idóneo para o deleite, a tranquilidade e o contacto coa Natureza.




FARO
CON DO
CON DA
ESCORREGADOIRA
CON DE TRES PES
IÑO DE CORVO
CON DA ABELLA
CONRRETELLADO
CON DO FORNO
CON DA GRAÑEIRA
QUILMA
MUIÑO DE VENTO
PARQUE CARREIRON
CON DO COCODRILO



## ZONA SUR

A ruta Sur comeza no lugar de Abilleira, pasando polo Monte do Muíño do Vento, onde se pode contemplar dende o alto, os Illotes de Xidoiros Areoso e Xidoiros Pedregoso; o Con do Castro de Quilma, en Quilma; os Cons do Parque Natural do Carreirón e, finalmente, o Con do Crocodilo, en As Salinas.

Todos están situados preto das praias de area fina máis marabillosas deste Concello. Ademáis de permitir un contacto coa Natureza en estado puro, a ruta Sur ofrece inmellorables vistas ós concellos colindantes de O Grove, Cambados e Vilanova de Arousa.



## CONS DA ABILLEIRA E PEDRASERRADA

Nestes cons situouse unha das primeiras poboacións asentadas na Illa. Emprazado en zona urbana, mantén restos das primeiras moradas isleñas.

## MUÍÑO DO VENTO

Está situado nun dos lugares máis altos do municipio, no Monte de Pedrouzos. Dende aquí pódese apreciar unha boa panorámica da Ría e dunha parte da Illa, así como dos illotes Xidoiros Areoso e Xidoiros Pedregoso. É o único muíño de vento existente na Illa. Xunto co Muíño de Mareas, foi construído no século XVII. É utilizado como referencia polos mariñeiros, que afirman: “ó encubrir o muíño co Monte Bandeira, non hai obstáculo para entrar en Vilagarcía”.





## CONS DO CASTRO DE QUILMA

Edificación pétrea con pías e canles de desaugadoiro distribuídas en varias lousas, que gardan certo paralelismo co “Con das Sete Pías” sito no Monte da Grenla, pertencentes ás parroquias de Vilariño, Tremoedo e Ribadumia. En Quilma ollamos unhas sete pías con canles orientadas tamén cara o poñente. A tradición popular afirma que cada vez que nacía un meniño, había que tirarlle un pouco de sangue e botalo nas pías, para que se criase ben.





# CONS DO PARQUE NATURAL DO CARREIRÓN

Ó longo do percorrido por este Parque, pódense atopar diferentes cons que, ademáis de dar grande variedade de formas ás puntas ou cabos do mesmo (Punta do Revello, de Carreirón, da Cruz,...), serven para delimitar e abrigar as distintas praias. Ofrécenos este lugar unha inigualable visión da Natureza e vistas panorámicas de grande interese e fermosura: a boca da Ría, O Barbanza e a Ensenada do Grove.



# CON DO CROCODILO

Con situado na zona de As Salinas, preto do Parque Natural do Carreirón. A súa forma erosionada polos ventos, a choiva e as salinas, recorda caprichosamente a figura dun crocodilo, de aí a súa denominación isleña. Por esta  zona pódese gozar de praias coa area máis fina e contemplar vistas dos concellos veciños do Salnés.









## CAMILO OTERO

Artista polifacético e internacional nacido en Santiago de Compostela en 1932 e finado no 2003.

Foi alumno do escultor cambadés Francisco Asorey na capital galega e do italiano Collamarini en París.

Na Escola de Sant Jordi titulouse como profesor de debuxo.

Sobresae por ser o único escultor ibérico recoñecido co Premio Bourdelle. Nas súas obras revive recordos de Galicia.

Aquí na Illa tamén deixou a súa pegada en esculturas como a imaxen dun “Home cun can”, feitas nunhas pedras sitas no Con do Forno, e a imaxe dunha “Cara humana”, na Punta do Aguiuncho, así como algún que outro traballo non localizado.




A Illa dende o


illote Areoso

A Illa de Arousa está emplazada en pleno corazón de la Ría de Arousa, a la que da nombre. Tiene una extensión de siete quilómetros cuadrados y su forma recuerda la de un siete. Está unida a la Península por un puente de dos quilómetros de longitud, inaugurado en 1985. Es la isla más grande y más poblada de Galicia, con aproximadamente 5000 habitantes. Los recursos marinos son su principal fuente de ingresos, destacando el sector mejillonero, el marisquero (tanto a pie como a flote) y su flota artesanal, dedicada a otras artes menores de pesca.

## A RUTA DOS CONS

La naturaleza, labrando la piedra con la mano de sus vientos, olas y mareas, ha sido en A Illa una verdadera artista, pues logró acabados escultóricos, hechuras sublimes y prodigiosos monumentos líticos, que lucen ostensiblemente su belleza y su monumentalidad.

La “Ruta dos Cons” discurre por todo el municipio de A Illa de Arousa. Su trazado comprende tanto la zona norte como la sur, alternando a su paso zonas salvajes, como el Parque Natural do Carreirón, playas, miradores y las diferentes puntas o cabos que comprenden A Illa.

Su recorrido es todo naturaleza, marcas marineras y vistas panorámicas.

## FICHA TÉCNICA

| | |
|---|---|
| Longitud: | siete quilómetros, aproximadamente. |
| Tipo de sendero: | camino de tierra, arena y asfalto. |
| Señalización: | sí. |
| Tiempo estimado recorrido de las dos zonas: | cinco horas y media, aproximadamente. |
| Dificultad: | baja |

## LA RUTA

### ZONA NORTE

La ruta empieza visitando la Punta Cabalo, donde encontraremos los primeros “cons” (grandes piedras) destacables: los Cons do Faro, los Cons da Escorregadoira, el Con de Navío y el Con de Tres Pés. Bordeando toda la zona Norte podemos contemplar, además de la singularidad de estos cons, el propio lugar donde están situados, que ofrece al visitante una buena vista de las playas y del monte de A Illa, además de una magnífica panorámica de la costa do Barbanza.

Un poco más adelante están el Con da Barbafeita y el de Niño de Corvo, desde el que se pueden ver los Illotes de Xidoiros Areoso y Xidoiros Pedregoso, así como, la boca de la Ría de Arousa.

Continuamos por esta zona hasta llegar al Agro de Alonso, donde encontraremos el con así denominado. Muy cerca de aquí está el Con da Abella y muy próximo a él, Conretellado. Después subiremos al Con do Forno, donde esta emplazado el mirador de “O Santo”. Desde aquí podremos contemplar una panorámica de prácticamente toda A Illa. En este mismo lugar tenemos el Con da Grañeira.

## CONS DO FARO

El Faro, obra del Ingeniero Celedonio Uribe acabada en 1852, está situado encima de un grupo de rocas en el lugar denominado Punta Cabalo. Se trata de una zona estratégica para avisar a los marineros. Resulta idónea para contemplar toda la Costa do Barbanza, así como la singularidad de las diferentes formas de los cons y “laxes” (piedras planas) que circundan el lugar y abrigan las distintas calas en las que se puede gozar de un buen baño y de mucha tranquilidad.

## CON DA ESCORREGADOIRA

Con que se encuentra en lo alto de Area da Secada, desde el que se puede divisar toda la Sierra del Barbanza y el Faro, así como maravillosas puestas de sol. Forma parte de un grupo de laxes. Este enorme con se encuentra en lo alto de una cuesta, encima de pequeñas piedras superpuestas, lo que provoca que parezca la entrada a algún misterioso lugar.

## CON DE NAVÍO

Con que tiene la forma de una cabeza de caballo, emplazado cerca de Area da Secada. Su situación estratégica en uno de los lugares altos de la zona y rodeado de naturaleza en estado puro, hace que sea un sitio ideal para ver una panorámica general de la Ría.

Dice la tradición que desde el Con de Navío partía un túnel subterráneo que llegaba hasta As Ruvas, en las inmediaciones de la playa Arroás.

## CON DE TRES PÉS

Está situado en una de las puntas más hermosas de A Illa, la Punta Barbafeita, que los marineros utilizan como marca marina. Este con es de gran tamaño. Presenta en su base tres pequeños salientes, como si estuviese posado en tres “pies”, lo que hace que parezca que va a caer en cualquier momento, o que resulta fácil de mover. Por eso, en cierta ocasión, durante las Fiestas Patronales de la localidad, algunas personas intentaron moverlo, pero sin éxito ...

## CONS DA BARBAFEITA

Están situados en una explanada con árboles y una pequeña zona de recreo, al lado de una pequeña cala y muy cerca de un grupo de rocas que merece la pena ser vistas. Se divisa una panorámica muy hermosa de la Costa del Barbanza y de los Illotes Xidoiros Areoso y Xidoiros Pedregoso. Se pueden apreciar desde este lugar las irrepetibles puestas de sol en la Ría arousana. Es una zona muy tranquila y, además, transcurre por ella un paseo de madera que va bordeando toda esta zona.

## CONS DE NIÑO DE CORVO

Cons emplazados en Niño de Corvo, cerca del Instituto de Acuicultura, en una pequeñita cala. La zona mira hacia la boca de la Ría.

## CON DO AGRO DE ALONSO

En el lugar de Testos, existe una construcción pétrea consistente en un círculo lítico incompleto (un pequeño “crómlech”), en el que destaca una especie de ara o altar con una pía (pila o depósito) y un canal orientado hacia el poniente. Desde este lugar se avista una interesante panorámica de la Ría y de los Illotes Xidoiros Areoso y Xidoiros Pedregoso.

## CON DA ABELLA

Con situado en la zona de Testos, cerca de la Ara de Agro Alonso. Forma parte de una zona verde y queda próxima a pequeñas y tranquilas calas. Tiene vistas a la boca de la Ría.

## CONS DE CONRETELLADO

Conjunto de diversos cons que dan entrada a la Playa de Conretellado. Desde aquí se puede ver la zona de Quilma, Gradín y Abilleira.

## CON DO FORNO

Es el punto más alto del municipio con 63 metros de altitud. Desde esta zona se puede ver una panorámica de toda A Illa y de los ayuntamientos colindantes. Su denominación, “Con do Forno”, se relaciona popularmente con la idea de que allí se hacían hogueras para sacrificios rituales o para quemar ofrendas a ciertos dioses paganos y legendarios.

También se piensa que pudo existir aquí un faro primitivo que, por medio de fogatas, serviría para la localización de A Illa, tanto desde tierra como desde el mar.

En esta zona también podemos apreciar una obra tallada en la roca del escultor Camilo Otero.

La escultura tiene la forma de un hombre con un perro. Así mismo, en este lugar hay una “laxe” que antiguamente era usada como tobogán por los niños y niñas de A Illa.

## CON DA GRAÑEIRA

Emplazado por detrás del Con do Forno, permite avistar desde lo alto toda la zona del Barbanza y la boca de la Ría de Arousa. Lugar idóneo para el deleite, la tranquilidad y el contacto con la Naturaleza

## ZONA SUR

La Ruta Sur empieza en el lugar de Abilleira, pasando por el Monte do Muíño do Vento, donde se puede contemplar desde lo alto los Illotes de Xidoiros Areoso y Xidoiros Pedregoso; los Cons del Castro de Quilma, en Quilma; los Cons del Parque Natural do Carreirón y, finalmente, el Con do Crocodilo, en As Salinas. Todos están situados cerca de las más maravillosas playas de arena fina de este Ayuntamiento. Además de permitir el contacto con la Naturaleza en estado puro, la ruta Sur ofrece inmejorables vistas a los ayuntamientos colindantes de O Grove, Cambados y Vilanova de Arousa.

### CONS DA ABILLEIRA E PEDRASERRADA

En estos cons se ubicó una de las primeras poblaciones asentadas en A Illa. Emplazado en zona urbana, mantiene restos de las primeras moradas isleñas.

### MUÍÑO DO VENTO

Está situado en uno de los lugares más altos del municipio, en el Monte de Pedrouzos. Desde aquí se puede apreciar una buena panorámica de la Ría y de una parte de A Illa, así como de los Illotes de Xidoiros Areoso y Xidoiros Pedregoso. Es el único molino de viento existente en A Illa. Junto con el Molino de Mareas, fue construido en el siglo XVII. Es utilizado como referencia por los marineros, que afirman: “al encubrir el molino con el Monte Bandeira, no hay obstáculo para entrar en Vilagarcía”.

### CONS DO CASTRO DE QUILMA

Edificación pétrea con pilas y canales de desagüe distribuidas en varias losas, que guardan cierto paralelismo con el “Con das Sete Pías” sito en el Monte de A Grenla, pertenecientes a las parroquias de Vilariño, Tremoedo y Ribadumia. En Quilma contemplamos unas siete pías con canales orientados también hacia el poniente. La tradición popular afirma que cada vez que nacía un niño, había que echarle un poco de sangre y depositarla luego en las pías, para que se criase bien.



CONS DO PARQUE NATURAL DO CARREIRÓN

A lo largo del recorrido dentro de este Parque, se pueden encontrar diferentes cons que, además de dar gran variedad de formas a las puntas o cabos del mismo (Punta do Revello, de Carreirón, da Cruz ...), sirven para delimitar y abrigar las distintas playas. Nos ofrece este lugar una inigualable visión de la Naturaleza y vistas panorámicas de gran interés y hermosura: la boca de la Ría, el Barbanza y la Ensenada de O Grove.

CON DO CROCODILO

Con situado en la zona de As Salinas, cerca del Parque Natural do Carreirón. Su forma erosionada por los vientos, lluvias y salinas recuerda caprichosamente la figura de un cocodrilo, de ahí su denominación isleña. Por esta zona se puede gozar de las playas con arena muy fina y contemplar vistas de los ayuntamientos vecinos del Salnés.

CAMILO OTERO

Artista polifacético e internacional nacido en Santiago de Compostela en 1932 y fallecido en el 2003. Fue alumno del escultor cambadés Francisco Asorey en la capital gallega y del italiano Collamarini en París. En la Escuela de Sant Jordi se tituló como profesor de dibujo. Sobresale por ser el único escultor ibérico reconocido con el Premio Bourdelle. En sus obras revive recuerdos de Galicia. Aquí en A Illa también ha dejado su huella en esculturas como la imagen de un “Hombre con un perro”, hecha en unas piedras sitas en el Con do Forno, y una “Cara humana”, en la Punta do Aguiuncho, así como algún que otro trabajo no localizado.



# TELÉFONOS DE INTERESE / TELÉFONOS DE INTERÉS

| | | |
|---|---|---|
| Concello / Ayuntamiento de A Illa de Arousa | telf. | 986 527 080 / 986 527 300 - fax 986 528 700 - web: www.ailladearousa.es |
| Oficina de Turismo | telf. | 687 807 109 |
| Biblioteca | telf. | 986 551 039 |
| Patronato de Turismo “Rías Baixas” | telf. | 986 842 690 - web: www.riasbaixas.org |
| Policía Local | telf. | 605 978 520 |
| Centro de Saúde / Salud | telf. | 986 527 363 |
| Correos | telf. | 986 527 195 |
| Confraría / Cofradía de Pescadores | telf. | 986 551 107 |
| Lonxa / Lonja | telf. | 986 551 057 |
| Criadoiro / Criadero de Moluscos de Quilma | telf. | 986 686 406 |
| Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA) | telf. | 986 527 101 |
| Farmacia | telf. | 986 551 091 |



CONCELLO DE
**A ILLA DE AROUSA**


DIPUTACIÓN PONTEVEDRA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Turismo

xacobeo

Rías Baixas Turismo
VEN Y DÉJATE LLEVAR